2746/2005: Falta firma de director técnico de la obra. Este defecto es subsanable.
3054/2005

Informe sobre las siguientes facturas: 2989/2005 y 2991/2005:

Informe de Intervención. Ver ficha de fiscalización . Las mismas consideraciones mencionadas en la ficha para la factura 2989/2005 son también aplicables a la factura 2991/2005.

Hechos.
Con motivo de las Fiestas de Verano de Viveiro en el mes de agosto de 2005 se alquiló un equipo de sonido , iluminación y personal para diferentes actuaciones.
En el momento de realización del espectáculo no había crédito en la partida correspondiente para hacer frente al gasto.
El día 12 de diciembre de 2005 se aprobó provisionalmente la modificación presupuestaria que ampara la dotación de crédito en la partida correspondiente a este gasto.

2780/2005: Falta firma de director técnico de la obra.
1022/2005

2033/2005 y 2056/2005:
Informe de Intervención.
Hechos.
Se contrató con la empresa Da Capo, producciones artísticas. Andrés Gómez Fdez. la realización de una serie de actuaciones de diferentes grupos artísticos para las Fiestas de Verano de Viveiro 2005.

Consideraciones.
Se entiende que la tarea de la empresa es la de intermediación con los grupos musicales .
Es conveniente que ,si está actividad es continuada en el tiempo ,que se tramite un expediente de contratación teniendo en cuenta la duración del servicio y la cuantía del contrato. Por el objeto del mismo se puede encuadrar como un contrato administrativo de servicios perteneciente al Subgrupo 7º: Otros servicios no determinados. Por la cuantía de la facturación no se podría encuadrar como contrato menor ni tampoco por la duración del contrato si este es superior a un año.

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

La otra opción posible sería contratar directamente a los grupos musicales por el Ayuntamiento . Cada grupo musical presentaría su propia factura que sería pagada por el Ayuntamiento . La actividad de intermediación sería pagada por los grupos musicales que contratarían el servicio con Da Capo o con la empresa que estimaran más conveniente.

En el caso de que la empresa Da Capo tuviese la exclusividad de la intermediación de los grupos mencionados , sería conveniente que aportase el contrato con esos grupos , como forma de justificación de la necesidad de utilizar un procedimiento negociado sin publicidad. El artículo 210 b) del TRLCAP 2/2000 dice:

“ Podrá utilizarse el procedimiento negociado sin publicidad previa en los siguientes supuestos que habrán de ser justificados debidamente en el expediente.

b) Cuando por razones técnicas o artísticas o relacionadas con la protección de derechos exclusivos tan sólo pueda encomendarse el objeto del contrato a un único empresario”.

Son contratos de servicios en la práctica local, los siguientes:

-Transporte de participantes en una campaña o congreso organizado la Entidad Local.

-Viaje para las falleras mayores y su corte o festeras locales organizado por Ayuntamiento.

-Arreglo floral y ornamental de las fiestas locales organizadas directamente por el Ayuntamiento.

-Servicio de mensajería.

-Servicio de ensobrado y reparto de correo. (Mailing).

-Vigilancia y seguridad de edificios públicos.

-Limpieza edificios municipales o provinciales.

-Servicio de mantenimiento de los ordenadores de la Entidad Local.

-Servicio de defensa jurídica de la Corporación Local ante los tribunales de justicia.

-Servicio de mantenimiento de instalaciones eléctricas de un edificio municipal que alberga oficinas del Ayuntamiento.

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

-Servicios de mantenimiento de instalaciones contra incendios de las dependencias locales.

-Restauración de los cuadros de un museo municipal o provincial.

-Servicios de publicidad de una empresa que se encarga de una campaña institucional.

-Servicio de información.

SECCIÓN 2ª. **Clasificación de empresas contratistas de servicios**

***Artículo 37. Grupos y subgrupos de clasificación en los contratos de servicios.***

1. Los grupos y subgrupos de actividades por especialidades, de aplicación para la clasificación de empresas en los contratos de servicios, serán los siguientes:

Grupo L) Servicios administrativos

Subgrupo 1. Servicios auxiliares para trabajos administrativos de archivo y similares.

Subgrupo 2. Servicios de gestión de cobros.

Subgrupo 3. Encuestas, toma de datos y servicios análogos.

Subgrupo 4. Lectura de contadores.

Subgrupo 5. Organización y promoción de congresos, ferias y exposiciones.

Subgrupo 6. Servicios de portería, control de accesos e información al público.

Grupo M) Servicios especializados

Subgrupo 1. Higienización, desinfección, desinsectación y desratización.

Subgrupo 2. Servicios de seguridad, custodia y protección.

Subgrupo 3. Atención y manejo de instalaciones de seguridad.

Subgrupo 4. Artes gráficas.

Subgrupo 5. Servicios de bibliotecas, archivos y museos.

Subgrupo 6. Hostelería y servicios de comida.

Subgrupo 7. Prevención de incendios forestales.

Subgrupo 8. Servicios de protección de especies.

Grupo N) Servicios cualificados

Subgrupo 1. Actividades médicas y sanitarias.

Subgrupo 2. Inspección sanitaria de instalaciones.

Subgrupo 3. Servicios veterinarios para la salud.

Subgrupo 4. Servicios de esterilización de material sanitario.

Subgrupo 5. Restauración de obras de arte.

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: viveiro@fegamp.es

Subgrupo 6. Mantenimiento, conservación y restauración de materiales cinematográficos y audiovisuales.

Grupo O) Servicios de conservación y mantenimiento de bienes inmuebles

Subgrupo 1. Conservación y mantenimiento de edificios.

Subgrupo 2. Conservación y mantenimiento de carreteras, pistas, autopistas, autovías, calzadas y vías férreas.

Subgrupo 3. Conservación y mantenimiento de redes de agua y alcantarillado.

Subgrupo 4. Conservación y mantenimiento integral de estaciones depuradoras.

Subgrupo 5. Conservación y mantenimiento de mobiliario urbano.

Subgrupo 6. Conservación y mantenimiento de montes y jardines.

Subgrupo 7. Conservación y mantenimiento de monumentos y edificios singulares.

Grupo P) Servicios de mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones

Subgrupo 1. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones eléctricas y electrónicas.

Subgrupo 2. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones de fontanería, conducciones de agua y gas.

Subgrupo 3. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones de calefacción y aire acondicionado.

Subgrupo 4. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones de electromedicina.

Subgrupo 5. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones de seguridad y contra incendios.

Subgrupo 6. Mantenimiento y reparación de equipos y maquinaria de oficina.

Subgrupo 7. Mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones de aparatos elevadores y de traslación horizontal.

Grupo Q) Servicios de mantenimiento y reparación de maquinaria

Subgrupo 1. Mantenimiento y reparación de maquinaria.

Subgrupo 2. Mantenimiento y reparación de vehículos automotores, incluidos buques y aeronaves.

Subgrupo 3. Desmontaje de armamento y destrucción de munición.

Subgrupo 4. Desguaces.

Grupo R) Servicios de transportes

Subgrupo 1. Transporte en general.

Subgrupo 2. Traslado de enfermos por cualquier medio de transporte.

Subgrupo 3. Transporte y custodia de fondos.

Subgrupo 4. Transporte de obras de arte.

Subgrupo 5. Recogida y transporte de toda clase de residuos.

Subgrupo 6. Servicios aéreos de fumigación, control, vigilancia aérea y extinción de incendios.

Subgrupo 7. Servicios de grúa.

Subgrupo 8. Remolques de buques.

Subgrupo 9. Servicios de mensajería, correspondencia y distribución.

Grupo S) Servicios de tratamientos de residuos y desechos

Subgrupo 1. Tratamiento e incineración de residuos y desechos urbanos.

Subgrupo 2. Tratamiento de Iodos.

Subgrupo 3. Tratamiento de residuos radiactivos y ácidos.

Subgrupo 4. Tratamiento de residuos de centros sanitarios y clínicas veterinarias.

Subgrupo 5. Tratamiento de residuos oleosos.

Grupo T) Servicios de contenido

Subgrupo 1. Servicios de publicidad.

Subgrupo 2. Servicios de radio y televisión.

Subgrupo 3. Agencias de noticias.

Subgrupo 4. Realización de material audiovisual.

Subgrupo 5. Servicios de traductores e intérpretes.

Grupo U) Servicios generales

Subgrupo 1. Servicios de limpieza en general.

Subgrupo 2. Lavandería y tinte.

Subgrupo 3. Almacenaje.

Subgrupo 4. Agencias de viajes.

Subgrupo 5. Guarderías infantiles.

Subgrupo 6. Recogida de carros portaequipajes en estaciones y aeropuertos.

Subgrupo 7. Otros servicios no determinados.

Grupo V) Servicios de Tecnologías de la Información y las Comunicaciones

Subgrupo 1. Servicios de captura de información por medios electrónicos, informáticos y telemáticos.

Subgrupo 2. Servicios de desarrollo y mantenimiento de programas de ordenador.

Subgrupo 3. Servicios de mantenimiento y reparación de equipos e instalaciones informáticos y de telecomunicaciones.

Subgrupo 4. Servicios de telecomunicaciones.

Subgrupo 5. Servicios de explotación y control de sistemas informáticos e infraestructuras telemáticas.

Subgrupo 6. Servicios de certificación electrónica.

Subgrupo 7. Servicios de evaluación y certificación tecnológica.

Subgrupo 8. Otros servicios informáticos o de telecomunicaciones.

2. Las actividades comprendidas en cada uno de los subgrupos reseñados se detallan en el anexo II.

2056/2005:

Las mismas observaciones dichas para la factura 2033/2005 son aplicables aquí. Por eso no se aporta ficha de fiscalización expresa.

2059/2005 y 2065/2005:
Son gastos protocolarios que se realizaron con motivo de las Fiestas de Verano 2005. Sería necesario que los concejales aportasen por escrito una justificación breve de esos gastos.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2117/2005 | 2654/2005 | 3071/2005 | 3097/2005 |
| 2200/2005 | 2655/2005 | | |
| 2292/2005 | 2657/2005 | 3082/2005 | 3099/2005 |
| 2323/2005 | 2658/2005 | | |
| 2548/2005 | 2659/2005 | 3082/2005 | 3102/2005 |
| 2560/2005 | 2663/2005 | | |
| 2626/2005 | 2664/2005 | 3087/2005 | 3103/2005 |
| 2632/2005 | | | |
| 2640/2005 | 3068/2005 | 3088/2005 | |
| 2643/2005 | | | |

| | |
|---|---|
| 2679/2005 | 3036/2005 |
| 2719/2005 | 3039/2005 |
| 2723/2005 | 3043/2005 |
| 2730/2005 | 3048/2005 |
| 2734/2005 | 3053/2005 |
| 2752/2005 | 3055/2005 |
| 2753/2005 | 3056/2005 |
| 2758/2005 | 3058/2005 |
| 2759/2005 | 3062/2005 |
| 2760/2005 | 3065/2005 |
| 2761/2005 | |
| 2774/2005 | |
| 2776/2005 | |
| 2782/2005 | |
| 2868/2005 | |
| 2869/2005 | |
| 2871/2005 | |
| 2997/2005 | |
| 2998/2005 | |
| 3000/2005 | |
| 3001/2005 | |
| 3002/2005 | |
| 3004/2005 | |
| 3012/2005 | |
| 3022/2005 | |
| 3034/2005 | |

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

3º.- **APROBACIÓN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO CONTRATO COA EMPRESA "INUSA".**

O Alcalde comeza a súa intervención cunha exposición desta situación e indica que o Pleno facultouno para esta negociación coa empresa INUSA.

A exposición do Alcalde, relativa a este asunto, recóllese nos seguintes apartados:

→ En primeiro lugar, indica que existía o tema dos traballadores do Concello que viñan prestando os seus servizos de maneira fraudulenta na empresa Inusa, segundo sinala o informe de Intervención, de setembro de 2003. Engade que *"podemos discutir si tiña o non razón o interventor naquel informe, pero o que si é certo é que existen varias multas da Garda Civil fundamentadas en que non podían conducir os camións un persoal que non estivera na relación de empregados desa empresa"*.

→ Advirte que *"houbo ocultamento dos custes dos orzamentos municipais, ao adxudicar a unha empresa os custes de pagamento dese persoal: eso se chama prestamismo laboral no ordeamento xurídico"*.

→ Matiza que *"houbo ocultamento ao Pleno Municipal anterior, xa que a Alcaldía tiña que asinar documentos adxudicando a posibilidade de conducir eses camións, vehículos que o propio protocolo declaraba que non podían saír do propio termo municipal de Viveiro, resultando que se paseaban polo Concello de Sada co rotulo de "Concello de Viveiro", sen que por parte deste Concello se fixese ningunha apreciación á empresa Inusa."*

→ Don Melchor Roel fai advertencia á obriga da empresa Inusa para a construcción dunha nave: "O artigo 7 do contrato regulador refírese á construcción dunha nave, pero non se reflicte en ningún modo o período de tempo que ten a empresa para construíla, polo que podería tardar cerca dos quince anos da concesión, con tal de executala un mes antes dese prazo".

→ Continúa sinalando que *"O equipo de goberno deuse conta de que o contrato facía referencia á construcción da nave por parte da empresa Inusa, cun valor de 20.000.000 de pesetas e cunha superficie de 505 metros cadrados, pero non se mencionaba en ningún artigo o prazo para a súa construcción"*. Engade que *"esta omisión e demora na construcción, levou ao Concello a facilitar á empresa Inusa unha nave privada en Celeiro, da que había que afrontar un aluguer de 150.000 pesetas con cargo ás arcas municipais."*

→ Así mesmo, sinala que *"segundo o contrato, asinado o día 26 de decembro de 2000, a concesión ten un prazo de 15 años, pero sen establecer en ningunha das cláusulas contractuais a creación dunha Comisión de Seguimento, órgano que valería para revisar periodicamente o cumprimento das condicións contractuais"*. Don Melchor Roel engade que *"esta condición é novidosa en moitos contratos."*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

→ Asemade, o alcalde indica que *"o contrato establece, no seu artigo 3, a posibilidade de prorrogarse por períodos bianuais, previo acordo expreso do órgano municipal competente, e aceptación igualmente expresa da entidade contratista, acordos ámbolos dous que haberán de adoptarse cunha antelación mínima de dez meses á data de remate do contrato"*.

→ Don Melchor Roel refírese agora ao artigo 10 do *prego de cláusulas administrativas particulares*, relativo aos dereitos do contratista, e onde no seu parágrafo 4, textualmente se indica: *"Ser compensado económicamente por razón das modificacións que ordene introducir o Concello nos servizos, sempre que incrementen os custes ou diminúan a retribución"*. O alcade indica: *"É dicir, que quen asinou este contrato, xa previa que podería en algún momento diminuír o aumentar o seu custe económico"*.

→ O alcalde refírese tamén ao rescate, regulado no artigo 37 do *prego de cláusulas administrativas particulares*: *"En canto ao rescate, no caso de facelo o Concello, tería que indemnizar ao concesionario por todos os anos que deixa de facer o servizo, e calcular, en virtude dun estudo do Banco de España, o incremento anual previsto para aqueles anos"*. O alcalde continúa sinalando que *"so hai dúas formas de rescatar: unha é esta, pagando todo o que non fagan para que se vaian"* e engade que *"en ningunha parte do convenio se establece, nin sequera como mínimo, que o acumulo de faltas leves no servizo pode ser motivo de rescisión do contrato."*

→ Ademais, o alcalde sinala que *"Si o concesionario incorrera en infracción gravísima das súas obrigas, a declaración requiriría a previa advertencia ao concesionario"* e precisa: *"E dicir, que en ningún momento se acumulan as faltas leves; acumúlase, no seu caso, cando se negocia: a acumulación de leves daría unha falta grave, e á súa vez, a acumulación de graves daría unha falta moi grave"*. Sinala que *"neste contrato só se prevé que haxa unha falta moi grave. O incumprimento continuo de faltas leves non daría lugar á posibilidade de rescatar a concesión, por parte do Concello"*.

→ ***Servizos especiais.*** Refírese tamén don Melchor Roel aos servizos especiais**,** sinalando que *"o contrato establece que a recollida en festivos só se realizaría en verano, Nadal, Semana Santa e Entroido nas zonas máis importantes de Viveiro e Covas"* e advirte que *"non aparece Celeiro como unha das zoas nas que hai que recoller nestas temporadas"*.

→ ***Paseo Marítimo.*** En relación ao paseo marítimo o alcalde comenta: *"se falamos do paseo marítimo, unha cláusula establece que non se limparía de acordo ao sucio que estivera, senón en virtude do persoal que tivera a empresa concesionaria."* Don Melchor Roel conclúe: *"se a empresa non ten persoal, non se limpa"*.

Seguidamente o alcalde expón o acordo ao que chegou a Alcaldía coa empresa concesionaria, e que se resume nos seguintes apartados:

1. A partir do día 1 de xullo de 2005 o persoal do Concello, con funcións en INUSA, cesou na devandita empresa e iniciou os seguintes traballos que pertencían á concesión:

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

- Recollida de mobles e enseres.
- Recollida de poda.
- Limpeza e desbroce de herbas en beirarrúas e calzadas.

Ademais, o alcalde sinala:

*"O Concello de Viveiro pagaba 770.000 pesetas para que durante todo o ano se limpara e se desbrozaran todas as beirarrúas da zona urbana. Esa cantidade non daba nin para pagar medio xornal dun traballador que estivera limpando. Polo tanto, os servizos hai que telos pero, para telos, hai que pagalos."*

*"En canto á incorporación do persoal hai que dicir que un a un solicitaron por escrito que deberían de reincorporarse á empresa que os contrataba, que non era outra que o Concello de Viveiro, tal e como figura nos seus contratos e nos TC2."*

*"O persoal non veu por acordo de ninguén, senón por cumprimento da legalidade vixente: cando un traballador di que está cedido a outra empresa, sen ter en conta o artigo 43 nin o 44 do Estatuto en canto a cesión, ten dereito de traballar para quen lles paga e non noutra situación e desto hai moitísima xurisprudencia."*

2. Nun segundo punto desta intervención, don Melchor Roel sinala:

*"Chegamos a un acordo para subsanar todos estos erros. Este acordo significa o seguinte cumprimento:*

- *Recollida diaria de residuos sólidos urbanos, é dicir, incluídos domingos e festivos, nas zonas máis representativas de Viveiro.*

- *Baleirado dos camións de recollida dos domingos e festivos ao día seguinte.*
- *Reforzo de varrido mecánico cun operario os domingos e festivos no casco urbano de Viveiro, que se ve incrementado en verano.*
- *Limpeza de mantemento cun operario os domingos e festivos no casco urbano de Viveiro, que se incrementa nos meses de verano.*
- *Reforzo de baldeo mecánico de beirarrúas.*
- *Recollida dos contenedores de papel e cartón de superficie.*
- *Recollida dos contenedores de vidro de superficie.*

*O que plantexa CESPA e que se siga aplicando o canon actual, coas correspondentes revisións de prezos pendentes de actualizar, incluíndo como mellora a recollida dos contenedores amarelos de envases, no caso de que se rescinda o contrato coa actual concesionaria, aportando os ingresos obtidos dos envases ás festas municipais de Viveiro.*

*A empresa comprométese a iniciar a construcción da nave que figura na oferta, por importe de 120.202,42 € (20.000.000 de pesetas), a principios do ano 2006 nas instalacións do mercado gandeiro, unha vez que o Concello outorgue a licenza, para a que solicitan unha bonificación do 90% das taxas de autoliquidación, ao ser unha actuación de interese xeral."*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Seguidamente, o alcalde comenta que ese é o resultado das negociacións para as cales facultouse no seu día á alcaldía e desexa resaltar dúas cuestións:

1. A nave, unha vez construída, quedará en poder do Concello, tanto que siga sendo esta empresa a concesionaria, como non.
2. A nave farase cos informes técnicos do arquitecto don Santiago Meitín Míguez, coidando de que sexa unha construcción polivalente, de tal forma que nos serva tamén para outras funcións, no suposto de que algún día fora necesario darlle outro uso.

Don Melchor Roel puntualiza que *"de toda esta negociación dedúcese que poderíamos rescindir o aluguer da nave de Celeiro, pola que estamos pagando 150.000 pesetas mensuais, e que non reúne as condicións idóneas. Ademais, poderíamos demoler a nave que temos no peirao vello de Viveiro, que é de 163 m2, mentres que a nova chegaría a ter uns 500 m2."*

O alcalde indica que esto é o que pon en consideración do Pleno para sometelo a aprobación.

Neste intre, don Melchor Roel, cede a palabra ao Partido Popular.

Intervén de seguido o voceiro do Partido Popular, don Cesar Aja Mariño, advertindo das seguintes cuestións:

1. No Pleno que se celebrou por este mesmo asunto, o día 4 de abril de 2005, incluíase un informe do Interventor accidental, don Gonzalo A. López-Santos Rubal, no que, no seu parágrafo primeiro, textualmente dicía: *"Independientemente de la valoración de otros aspectos contractuales objeto de la modificación, en el presupuesto de Ingresos del año 2004 del Concello de Viveiro, consta la aplicación presupuestaria 39907 de ingresos por la gestión de recogida de basura y limpieza viaria, por una cuantía de 247.996,18 €, suponiendo un ingreso real, en el año 2004, por importe de 214.051,25 €, motivada tal diferencia por haber estado trabajadores de baja, por lo que recibió el Concello compensaciones de la Seguridad Social."* Don Cesar Aja indica que nese Pleno propoñíase por parte do Interventor accidental que se deixase o asunto sobre a mesa, en tanto non se aprobaran os orzamentos do ano 2005.

2. Indica que no Pleno que se levou a cabo o día un de agosto de 2005, o que se propón e facultar ao alcalde para a negociación. Poren, as condicións orzamentarias non variaron, porque non se aprobaron os orzamentos do ano 2005. *"Polo tanto* –indica- *eu non sei si hai algún informe xurídico ou técnico no que consten estas modificacións contractuais. Ese ven a ser o motivo principal polo que o noso Grupo votará en contra desta aprobación."*

3. *"Por outra parte* -engade don César Aja- *no Pleno de agosto e polo mesmo alcalde, dicíase que a empresa INUSA, ao ter que contratar outro persoal de*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*fora, procedería a aforrar do orde de 10.000 € anuais por traballador, xa que eses traballadores non terían a carga social nin a antigüidade dos traballadores municipais. Polo tanto, nosoutros desexaríamos que houbese unha valoración nese sentido, porque a empresa sae beneficiada, teoricamente, do orde de 110.000 € anuais. O noso Grupo agarda que haxa unha valoración e un estudo no cal podamos valorar."*

Intervén o alcalde para facer dúas precisións:

1. *"No propio acordo establécese, que no caso de rescindir o contrato con Celta Prix, farían a recollida de envases cobrando o Concello e non SOGAMA. No que vai de ano pagóuselle a Celta Prix cerca de 24.000 € que ingresarían nas arcas municipais."*
2. Dirixíndose ao voceiro do Partido Popular, o alcalde indica que *"segundo o regulamento, quen nunha comisión emite un dictame e vota dunha determinada maneira, despois no Pleno non pode votar doutra"*. Sinala que *"na Comisión de Facenda o portavoz do Partido Popular abstívose, polo que non entendo o cambio en 24 horas na postura da votación"*.

O alcalde cede a palabra ao *Bloque Nacionalista Galego*.

Intervén de seguido o Concelleiro do BNG, don Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, para facer fincapé nas seguintes cuestións:

1. *"Temos en vixencia unha concesión daquela maneira"* e indica: *"despois explicarei ao que me refiro con esa expresión"*. Sinala que nesa concesión ten incumprimentos tanto a empresa concesionaria como o Concello: *"hai cousas que non se cumpren, que tiñan que facerse, que están reflectidas no contrato e no prego de condicións, pero, por outra banda, hai condicionamentos que tampouco o Concello cumpre"*.

   Don Francisco Rodríguez indica que existen varias sesións plenarias nas que se trata de mellorar este servizo.

2. **A concesión.** *"A concesión faise a través dun acordo plenario de 9 de xuño de 2000, que é recorrida polo grupo municipal do BNG por unha serie de regularidades. Nese Pleno fíxose unha proposta relativa ao servizo de recollida de lixo para xestión indirecta mediante concesión e despois, na segunda parte, foi a aprobación do prego de cláusulas administrativas."*

   O representante do Bloque indica que *"as regularidades eran tan grandes como as seguintes:*

   - *Non se tramita, tal como está establecido, nin con carácter previo, nin simultaneamente, o expediente de determinación da forma de xestión do servizo. Non existe por escrito proposta motivada da alcaldía; unicamente, na mesma sesión do Pleno, o alcalde manifestou de*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*mellorar e dinamizar o servizo e que os custes non ían ser maiores. Non fica pois acreditado o interese público.*

- *Non había informe técnico que xustificase a privatización. Non existía informe económico.*
- *En canto ao expediente de concesión administrativa, o informe de Intervención sinala que "ademais doutros trámites, tense que elaborar un anteproxecto de explotación polos servizos técnicos".*
- *No informe de Secretaría dise que "entre as actuacións administrativas preparatorias do contrato de concesión ten que incluír ademais a elaboración e aprobación dun proxecto técnico de explotación dos servizos (artigos 118 e 119 do Regulamento de servizos das corporacións locais), sen que a constancia do prego de condicións equivalla ou supla ao proxecto técnico, posto que o referido prego é consecuencia do proxecto, tal e como se desprende dunha sentencia de 20 de xuño de 1980, documentación que resulta preceptiva para axustarse ás formalidades contidas no regulamento citado e producir os efectos legais requiridos (artigo 116 de dito Regulamento)". O acordo de privatización do servizo de recollida foi tomado sen elaboración e aprobación do anteproxecto e sen axustarse ao informe de Secretaría nin ao de Intervención."*
- ***Estudo de custes.** "Do estudo de custes realizado polo servizo de Intervención, obtéñense uns custes orzamentarios que ascendían a 76.380.358 pesetas. Hai que ter en conta que o persoal adscrito orzamentariamente ao servizo de recollida de lixo difire da relación remitida á Intervención Municipal, da que se partiu para determinar os custes."*
- Indica que *"falábase de 76.380.358 pesetas que estaban incluídas no orzamento e que había 9.021.765 pesetas que non tiñan dotación orzamentaria e, polo tanto, habería que restalos, dando un total de 67.358.593 pesetas".*
- Sinala que a conclusión coa que remata o informe de Intervención é a seguinte: *"O tipo de licitación non debería exceder de 67.358.593 pesetas, importe total das dotacións orzamentarias, agás que se obteñan novos medios de financiamento que cubran as posibles diferenzas. No prego de cláusulas administrativas particulares, que rexerán o concurso público por procedemento aberto para adxudicar mediante concesión a xestión indirecta dos servizos públicos, de recollida domiciliaria, transporte e residuos sólidos urbanos, etc. recollese no seu artigo 6 o tipo de licitación, que é de 86.269.428 pesetas (Ive incluído)".*

3. *"Por todo o anterior, o BNG, presentou un recurso de reposición que nin sequera foi sometido a consideración, e solicitamos o acordo da sesión ordinaria. Fíxose todo eso cos informes de Intervención e de Secretaría que falaban de todos eses defectos, da documentación que debería de conter o expediente de privatización do servizo e que non estaba alí."*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

4. ***Persoal.*** *"En materia de persoal o infome de Intervención, datado o día 30 de maio de 2000, di: "actualmente na plantilla de persoal adscrito ao servizo de lixo e limpeza viaria existe persoal tanto funcionario como laboral, e dentro destes, existen contratados de duración indefinida e temporais. Sería conveniente que un informe a emitir pola Secretaría municipal analizase as repercusión legais da cesión do persoal, así como o resto dos efectos relacionados con esta materia. Non é función deste servizo entrar en analizalo, polo que se remite ao que poda informar aquela".*
5. *"Un informe de Secretaría tamén fala de toda esta cuestión. Fai un anexo do persoal que pasaría a esa empresa, e nunha parte do seu texto di: "no artigo 8 do prego, baixo o epígrafe de persoal afecto ao servizo, recóllese que este seguirá sendo persoal municipal, asumindo o concesionario a obriga de respectar todos os seus dereitos económicos e laborais, debéndose ter en conta o criterio desta Secretaría, as circunstancias especiais que concorren no persoal funcionario …"*
6. Igualmente, don Francisco Rodríguez, fai referencia a que o concesionario dirixirá o persoal: *"Un concesionario non pode dirixir a un persoal funcionario. Eu non estou inventado nada, senón que o estaba advertindo a Secretaria no seu informe".* Asemade, advirte que *"o texto do informe indica: "O concesionario dirixirá o persoal adscrito ao servizo de limpeza viaria, opinando esta Secretaría que o termo "dirixirá" debe entenderse puramente referido aos aspectos de realización …""*

Francisco Rodríguez sinala que existían una serie de irregularidades enormes e que, por ese motivo, o BNG presentou un recurso de reposición, que non foi tido en conta.

7. ***Mesa de Contratación.*** *"Faise a adxudicación e preside a mesa o alcalde, don Cesar Aja Mariño; vocais, don Guillermo Leal Arias (Concelleiro Delegado de Facenda), Secretaria, Interventora accidental e o Técnico de Urbanismo e Contratación. Como vemos –*indica- *brilou pola súa ausencia a representación doutros grupos políticos do Concello, que poderíamos estar controlando esta cuestión".*
8. *"Na última parte dise que "as instalacións fixas son unha nave central de 505 m2, a construír en terreos do Concello, cun investimento previsto de 20.000.000 pesetas e con reversión a favor daquel ao remate do prazo concesional".* Don Francisco Rodríguez engade: *"esto non se cumpriu nunca".*
9. O voceiro do BNG indica que incluso chegouse a facer referencia no Pleno dunha advertencia de ilegalidade: *"finalmente o voceiro do BNG, señor Rodríguez Guerreiro, advirte da ilegalidade do acordo".*
10. Continúa sinalando que *"hoxe estamos cunha concesión que foi feita "daquela maneira" e queremos mellorala, incluso os que estivemos en contra naquel momento de que se privatizara este servizo e na forma na que se privatizou."* Ademais, engade que *"ten razón o portavoz do Partido Popular cando di que os traballadores que a empresa vai a contratar, para suplir aos que veñen á Brigada Verde do Concello, teñen menor salario. Eso*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*é certo, pero o que non se pode ocultar e que aquí hai un documento que se nos deu e que está na sesión extraordinaria que se celebrou en febreiro de 2005 (Comisión de Facenda), que era esa oferta de CESPA e onde se explicaba todas as cuestións que se incrementaban e as que se eliminaban. Polo tanto, non é dicir só que a empresa aforra un custe por eses traballadores que pasan ao Concello, senón que vai a facer outros servizos como aquí anteriormente se dixo. Póñase todo eso enriba da mesa e dígaseme que non é rentable para o Concello facer esta modificación de contrato."*

11. *"Si este asunto tivera un informe negativo dos servizos xurídicos e de Intervención, eu por suposto non apoiaría esta cuestión. Agora ben, xa temos dúas sesións nas que tratamos do tema, xa facultamos á Alcaldía para chegar a este punto e non hai outros factores que apunten que o Concello sae perdendo, despois de toda a falcatruada que se fixo con esta concesión. Nosoutros temos que xestionar o que temos."*
12. *"Remato dicindo que eu cambiaría unha frase que figura no estudo da modificación: en lugar de "a empresa comprométese a iniciar a construcción da nave" por "a empresa comprométese á executar a construcción da nave no primeiro trimestre do 2006".*

O alcalde cede a palabra ao voceiro de *Esquerda Unida*.

Don Orlando Expósito intervén para sinalar que *"estamos ante unha negociación, e nas negociacións ninguén pode pretender conseguir todo ao cen por cen. Habería que poñer como logro o feito de que os traballadores retornen para o Concello, xa que eu nunca entendín que estiveran traballando para unha empresa privada. Outro logro que valoro de forma moi positiva, (e non sei de que forma influíu a negociación), e que Viveiro hoxe, desde hai máis ou menos dous ou tres meses, está limpo. Baixo esa mesma empresa, no tempo que precedeu a eses meses, estivo autenticamente cheo de lixo por todas partes. Eses dous aspectos que comento valóroos moi positivamente."*

Ademáis, don Orlando Expósito, indica que *"eu non poño como un logro a construcción da nave en terreos do Concello, xa que a calquera empresa de Viveiro que lle concedas uns terreos para construír unha nave, estaría encantada."*

O concelleiro de EU remata esta intervención precisando: *"Eu non pretendo que se gane o cen por cen da negociación, pero nesta xa hai logros importantes."*

A seguir, intervén o señor alcalde para admitir a modificación advertida por don Francisco Lois Rodríguez Guerreiro, no sentido de indicar ***"a empresa compromete a rematar a construcción da nave no primeiro trimestre do 2006".***

Don Melchor Roel, contestando agora á intervención de don Orlando Expósito, precisa que segundo os documentos obrantes no Concello, pertencentes ao goberno do Partido Popular, sempre se falou de construír a nave en terreos municipais.

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Don Francisco Rodríguez advirte que *"sempre se pensou en terreos propios do Concello. De feito, na acta que eu teño figura Concello con maiúsculas, precisamente para matizar que eran terreos do propio Concello"*.

Intervén don Cesar Aja, para comentar os seguintes aspectos:

1. Indica que cando se fixo a adxudicación, a idea era de construír a nave de 505 m2 en Verxeles, na zona onde se leva a cabo o mercado gandeiro, xa que era o único lugar dispoñible para poder facela.

2. Continúa sinalando de que *"posteriormente a esa adxudicación, xurdiron unhas necesidades por parte de Aspanane para dispor dunha nave para talleres do Centro Ocupacional e encargamos un anteproxecto para facer unhas naves en Lavandeiras."*
3. Sinala que *"Tratábase en facer unha serie de naves naquela zona e que servisen, non soamente para INUSA durante o tempo que perdurase a concesión, senón tamén para o Concello: unha nave en condicións que albergase todas as necesidades que quixese o Concello. Sabíamos que ía desaparecer a nave do peirao vello, e desta forma tamén, deixabamos o aluguer que se estaba pagando en Celeiro."*

Don Cesar Aja fundamenta os motivos expostos na demora en construcción da nave.

Don Orlando Expósito indica que, no artigo 26 do prego de prescricións técnicas, dise:

*"1. A ubicación e organización interna das instalacións que aporten os adxudicatarios, serán responsabilidade exclusiva dos mesmos. Así mesmo, haberán de adecuarse ás normativas de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais que estean en vigor en cada momento.*

*2. Para valorar a eficacia e viabilidade do sistema de traballo previsto, os licitadores deberán presentar en relación ás instalacións fixas, a seguinte documentación:*

- *Determinación da situación exacta dos mesmos. En caso de non ser propiedade da empresa, aportarán documentos que acrediten, de maneira que faga fe, a opción de adquisición ou aluguer de ditos recintos."*

Segundo o artigo comentado, o concelleiro de Esquerda Unida precisa: *"dese texto despréndese, que non tería porque necesariamente facerse nunha propiedade municipal."*

Igualmente don Orlando Expósito, dirixíndose ao Grupo Popular, sinala que *"tampouco o contrato asinado entre o Concello e don Juan M. Gil Martínez (en*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*representación de Inusa-Ingeniería Urbana S.A.) fai referencia a ese feito, xa que o artigo 7, relativo ás instalacións fixas, indica textualmente que "A entidade adxudicataria comprométese a construcción dunha nave central, dotada, polo menos, das seguintes zonas: aparcadoiro-lavadoiro, taller, almacén, oficina, aseos e vestiarios, cunha superficie mínima de cincocentos cinco (505) metros cadrados".*

Don Orlando Expósito indica que tampouco o contrato fala que tivera que construírse nunha propiedade municipal. Novamente, dirixíndose esta vez ao señor alcalde, indica que *"eu non pretendo que nas negociacións consigas o cen por cen"*.

O alcalde sinala que existe unha contradicción entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o contrato, xa que mentres o primeiro fala, no seu artigo 4 (duración do contrato) de 10 anos de duración da concesión, o segundo fala, no seu artigo 3, de 15 anos.

Seguidamente intervén don Fidel García Martul (Interventor Municipal), para indicar que entende que previa á votación, sería necesario un informe da Intervención Municipal e da Secretaría do Concello: *"De Intervención, porque estanse a tratar temas de transcendencia económica, e de Secretaría, porque estase a cuestionar unha modificación de contrato. En toda modificación de contrato é necesario informe de Secretaría e, si ten transcendencia económica, informe de Intervención."*

Don Melchor Roel advirte que vai someter o tema a votación da Corporación, coa precisión de que vai poñer en consideración que houbo Comisión de Facenda e que nesa Comisión non se plantexou nada, cando xa era coñecido que había modificacións económicas e cando o propio contrato establece como obriga, non como vontade xurídica, da compensación económica cando o Concello modifique. *"Eso está asinado e o que non pode facer ningún informe é modificar unha cláusula do contrato que no seu día foi impugnado, sen que ninguén dera lugar a que pasara adiante esa impugnación."*

O señor alcalde fai referencia á norma establecida no artigo 10.4 do *prego de cláusulas administrativas particulares*, onde se regulan os dereitos do contratista, que indica: *"Ser compensado económicamente por razón das modificacións que ordene introducir o Concello nos servizos, sempre que incrementen os custes ou diminúan a retribución"*. Sinala que o informe de Intervención e o de Secretaría tivéronse que facer no seu día, cando se asinou o contrato e os pregos.

O señor alcalde novamente indica que *"cando cabía o informe de Intervención era cando o Concello se comprometeu a montar o servizo. Era o momento en que Intervención debería de indicalo. Polo tanto, eu desexo someter a aprobación a modificación do contrato."*

Intervén don Francisco Rodríguez, indicando que de ser así, e de ser necesarios os informes de Secretaria e de Intervención *"¿para que estivemos debatindo?. Se se convoca un Pleno, cun segundo punto no que textualmente se indica "aprobación relativa á modificación do contrato coa empresa INUSA", que conta cun dictame*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*previo da Comisión Informativa de Facenda, o que non se pode e chegar a este punto dicindo que faltan os informes."*

Don Francisco Rodríguez apunta que *"eses informes obraban xa nos documentos aos que os fixen referencia, estaba discutido na sesión extraordinaria da Comisión de Facenda de 19 de febreiro de 2005, cunha oferta da empresa CESPA."*

Don Guillermo Leal Arias sinala que no orde do día, da convocatoria da Comisión de Facenda, non figuraba en ningún punto a modificación do contrato coa empresa INUSA.

O señor alcalde contéstalle ao concelleiro do Partido Popular que *"estaba incluída no apartado segundo, que versaba sobre "Outros asuntos que a xuizo do Presidente da Comisión poidan ser tratados"* e engade que *"esta precisión púidoa facer vostede no momento no que se someteu a dictame".*

Don Francisco Rodríguez indica que *"onte, día 29 de decembro, levamos a cabo unha Comisión Informativa de Economía e Facenda, e que nela someteuse á aprobación uns gastos e outros asuntos."* Sinala que *"neses asuntos, discutiuse a modificación do contrato coa empresa INUSA".* Ademais, engade que *"existe un documento cuns cálculos e foi xa discutido nunha comisión de Facenda no mes de febreiro"*

O Interventor Municipal indica que *"eu preferiría informar por escrito ao Pleno sobre esta cuestión".* Apunta que *"neste momento, descoñezo si existiu ou non informe na Comisión Informativa de Facenda do mes de febreiro."*

Intervén o señor alcalde para sinalar ao Interventor que *"eu estaría de acordo si o señor interventor contéstame á seguinte pregunta:*

*En relación ao artigo 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, ¿pódese modificar, mediante un informe de intervención, esa cláusula contractual asinada e aprobada en Pleno?"*

Don Fidel García Martul contéstalle que *"o informe de intervención nunca pode modificar, pero a normativa de contratos indica que sempre que exista unha modificación concreta contractual necesítase informe de Secretaría e de Intervención."*

O alcalde indica que este tema xa se tratou catro veces en anteriores reunións e que *"eu négome a tratar catro veces o mesmo asunto, sen que Intervención plantexase en ningún momento anterior a necesidade previa dos informes de Secretaria e de Intervención."*

Don Francisco Rodríguez fai referencia á *Comisión Informativa de Economía e Facenda*, levada a cabo o día dezanove de febreiro de dous mil cinco, e da lectura ao texto no que se tratou a proposta de modificación do Convenio con CESPA-INGENIERIA URBANA S.A., que textualmente di:

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*"Polo señor alcalde dase explicación da proposta da modificación do convenio coa empresa Cespa Ingeniería Urbana S.A., consistente na recuperación dos traballadores do Concello que estaban cedidos para traballos na recollida de RSU, así como noutras modificacións da oferta inicial do 2001, que afectan tanto a servizos a eliminar da oferta inicial (recollida de mobles e enseres), como a ampliacións a dita oferta inicial (estendendo o contrato á recollida de RSU en domingos e festivos, reforzo de barrido e baldeo de limpeza viaria …).*

*Polo señor alcalde explícase a diferenta cualitativa e cuantitativa que supón a modificación do contrato coa empresa Cespa Ingeniería Urbana S.A., con base á documentación que se xunta á convocatoria da presente comisión.*

*A Comisión Informativa de Economía e Facenda cos votos favorables do PSOE-PSG e BNG, a abstención de IU-EU e o voto en contra do PP, dictamina modificar o contrato coa empresa CESPA INGENIERÍA URBANA S.A., segundo a proposta da alcaldía."*

Don Francisco Rodríguez Guerreiro indica que *"este dictame está asinado por don Gonzalo A. López –Santos, que era o Secretario da devandita Comisión Informativa"*. Tamén apunta de que *"posteriormente levouse ao Pleno do día 4 de abril, onde volve a quedar sobre a mesa e tráese novamente ao Pleno de agosto onde se faculta ao alcalde."*

Don Orlando Expósito sinala o seguinte:

1. *"Cando se trae á xente aquí debe ser para algo. Eu non entendo á actitude do Interventor neste momento, unha vez que se convocou a todos os Concelleiros para a asistenza a este Pleno, sen advertir previamente da necesidade dos informes preceptivos".*
2. *"Unha vez que é convocada esta sesión, e á altura na que nos atopamos, co tema amplamente tratado e debatido, non se pode chegar a estas alturas dicindo que faltan os informes previos de Secretaría e Intervención".*

Intervén o señor alcalde para preguntarlle ao Interventor se sería ilegal ou hai advertencia de ilegalidade no caso de proceder á votación. Indica que si hai advertencia de ilegalidade, loxicamente, non se procedería á votación.

O Interventor Municipal indica que *"para a elaboración dos informes preceptivos de Intervención hai que contar cun prazo previo de dez días para a súa emisión. A min entregóuseme polo señor Concelleiro de Facenda un escrito coa proposta da empresa, e á vista desa proposta, non entendín que se fose a chegar a un acordo definitivo, ou mellor dito, que nese acordo que ven a este Pleno vaian actualizarse as tarifas."*

Ademais, don Fidel García Martul, sinala que *"é distinto actualizar as tarifas que modificar o contrato. Hoxe cando cheguei a este Pleno, pregunteille ao señor Secretario Accidental como estaba redactado o contido do parágrafo número 3 da orde*

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

*do día"*. Engade que *"eu non tiña esa proposta na Comisión de Facenda do día de onte"*.

Continúa advertindo que *"ao entrar a este Pleno vexo que o parágrafo está redactado do seguinte xeito: "Aprobación relativa á modificación do contrato coa empresa INUSA", e é neste preciso instante, onde me entero do contido deste asunto, cando afirmo que si se trata dunha modificación de contrato é necesario informe, obrigatorio e preceptivo, de Secretaría e de Intervención"*.

Don Orlando Expósito indica que *"onte levouse a cabo a Comisión de Facenda e se se*

*+advertise da necesidade de informe, xa se suprimiría este punto da orde do día"*.

Don Francisco Rodríguez indica que o tema que estamos tratando xa veu en dúas ocasións a Pleno e pasou alomenos tres veces pola *Comisión Informativa de Economía e Facenda*. Indica que *"aquí se nos chama aos concelleiros para a modificación do contrato coa empresa INUSA e teríamos que ter o contrato redactado coas modificacións oportunas e, sobre eso, teríamos que opinar. O que temos aquí é un escrito da empresa cos termos que coincide co documento. Formalmente falta o contrato porque non está redactado, pode ser que falte un informe de Secretaria, pero pensamos que a estas alturas ben podería estar redactado o informe de Intervención."*

O alcalde indica que Secretaría nunca fixo advertencia da necesidade de informe.

De seguido o señor alcalde pregúntalle ao Interventor se sería legal someter esta cuestión a consideración do Pleno, ao que don Fidel García Martul indica que *"para que eu puidese facer ese informe tería que ter claramente enriba da mesa a proposta que se vai a asinar"*.

O alcalde contéstalle que *"desde o 19 de febreiro de 2005 está enriba da mesa de Intervención"*.

O Interventor municipal contéstalle que está enriba da mesa *"a proposta que fai a empresa"*, ao que o señor alcalde resposta que *"o que está sobre a mesa é a proposta da Alcaldía."*

Don Melchor Roel sinala que este asunto pospoñerase para o Pleno a levar a cabo o vindeiro día 12 de xaneiro de 2005, e pide desculpas a todos os asistentes (concelleiros e público asistente) por ser convocados para esta sesión.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, acorda:

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

1º.- Deixar pendente de someter a votación a *"modificación do contrato coa empresa INUSA"* para o Pleno do vindeiro 12 de xaneiro de 2005, data na que se incorporarán todos os informes preceptivos.

2º.- Dar traslado do presente acordo á empresa CESPA Ingeniería Urbana, S.A. para o seu coñecemento.

E sen máis asuntos a tratar, o señor alcalde da por rematada esta sesión, cando son as vintedúas horas e dez minutos da data indicada, estendéndose de todo o tratado esta acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.